



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 26/09/2024

Hora: 19:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 19:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

- PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 24/07/2024. Acta 06/2024.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 12/09/2024. Acta 07/2024.

2.-Aprobar se procede a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023 (2024/X999/000264)

3.-Aprobar inicialmente se procede a modificación da Relación de Postos de Traballo 2/2024 (Exp. 2024/E004/000002).

4º.-Aprobar se procede a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición do polígono 2 da área de reparto AR-Serctor-Nº1. (EXP. 2023/U032/000001)

II PARTE DE CONTROL

5º.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 990/2024 do 17/07 ata a nº 1273/2024 do 20/09.

6º.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 17/07/2024 ata o 20/09/202.

7º.-Dación de conta do expediente 2024/T004/000003 relativo ás liñas fundamentais do orzamento do Concello de Oroso para o exercicio económico 2025.

8º.- Mocións dos Grupos municipais.

9º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.org/proc/abrir-procedimento>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.